

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 16 DE DECEMBRO DE 2021

ASISTENTES

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Vicedecana

Arribas Álvarez, M. Carmen

Secretario accidental

Prada Rodríguez, Julio

PDI

Barriocanal López, Yolanda (A.V.)

López Díaz, María (A.V.)

Pérez Losada, Fermín

Presedo Garazo, Antonio

Uña Álvarez, Elena de (A.V.)

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé R.

Estudantes

Domínguez Carrera, Lucía

González Jorge, David

Lozano Ramírez, Amado Tierra

Martiñá Álvarez, María

Rama Mosquera, Alejandro

Rodríguez Álvarez, Lucía (A.V.)

DESCULPAN AUSENCIA

PDI

Comendador Rey, Beatriz

Fernández Fernández, Adolfo

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Vaquero Díaz, María Beatriz

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Alumnado

Caamaño Rodríguez, Yerai

A xunta realízase de xeito presencial na sala de Profesorado do Edificio de Facultades e de xeito virtual, mediante o Campus Remoto, na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe o xoves 16 de decembro de 2021 ás 13.06 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de novembro de 2021.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, do cambio de horarios de materias do 2º cuatrimestre.
4. Designación do PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente para a Comisión Avaliadora da IV Edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga.
5. Aprobación, se procede, dos informes da Avaliación docente 2021 (Quinquenios).
6. Aprobación, se procede, do Informe de coordinación do mestrado 2020/21.
7. Aprobación, se procede, do Informe do PAT do mestrado 2020/21.
8. Asuntos de urxencia.
9. Rolda de intervencións.

A decana dá lectura aos nomes dos membros da Xunta de Facultade que asisten presencial e virtualmente e aos que desculpan a súa ausencia á sesión, e que se relacionan á marxe desta acta. A continuación dá a benvida aos representantes do alumnado, agradecendo a celeridade na renovacións dos postos vacantes nas diferentes comisións e a boa disposición para colaborar na boa marcha da Facultade, salientando, ademais, a importancia da Xunta de Facultade como órgano de representación dos diferentes sectores que conforman o Centro e desexando que este entusiasmo inicial se manteña ao longo do tempo.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de novembro de 2021.

Apróbase a acta por asentimento, coa matización de que a que se aproba e se inclúe na convocatoria é a correspondente ao 10 de novembro de 2021 e non a da data que figuraba erroneamente na convocatoria.

2. Informe da presidenta.

A decana comeza o seu informe aclarando aos presentes que en comisión de calidade son validados unha serie de documentos e procedementos que se inclúen na convocatoria, os cales non se volven a debater na xunta, podendo calquera dos presentes realizar as observación que estime oportunas. Neste senso, relaciona e explica a grandes trazos a natureza dos documentos que se xuntan: resultados da avaliación docente do Grao e do Mestrado en Valoración, Xestión e protección do patrimonio cultural correspondentes ao curso 2020/21; e informe de identificación das necesidades do PAS do Centro, aclarando respecto a este último que foi elaborado polo xefe de equipo Juan José Salgado González por delegación da administradora de Campus.

Lembra, a seguir, que as eleccións ao decanato celebraranse finalmente o 31 de xaneiro de 2022, animando á presentación de candidaturas para garantir a continuidade do Centro con carácter diferenciado. A vicedecana, María del Carmen Arribas, aclara que o prazo de presentación de candidaturas estará aberto entre os días 11 e 17 de xaneiro de 2022.

3. Aprobación, se procede, do cambio de horarios de materias do 2º cuatrimestre.

A decana dá lectura aos cambios de horarios que se someten á aprobación da Xunta e explica que veñen motivados pola coincidencia de horarios no PCEO Turismo-Xeografía e Historia, detectados precisamente polo alumnado. Insiste na complexidade que supuxo a adaptación dos mesmo e agradece neste punto o labor da vicedecana, María del Carmen Arribas, e a comprensión de todos os implicados.

Apróbanse as modificacións propostas por asentimento.

4. Designación do PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente para a Comisión Avaliadora da IV Edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga.

A decana solicita un voluntario ou voluntaria pertencente ao PDI con dedicación a tempo completo e vinculación permanente para formar parte da Comisión Avaliadora da IV Edición dos Premios de investigación, transferencia e divulgación científica do Campus Auga. O profesor Julio Prada Rodríguez intervéñ para manifestar que el formou parte da comisión anterior, pero que descoñece se nesta convocatoria presentarase finalmente un TFM que dirixiu o pasado curso, polo que entende que en previsión de que así poida acontecer sería aconsellable que fose designado outro membro da Xunta que reunise tales requisitos. Ofrécese o profesor Fermín Pérez Losada, que é designado por asentimento da Xunta.

5. Aprobación, se procede, dos informes da Avaliación docente 2021 (Quinquenios).

A decana explica a natureza dos quinquenios docentes, o recoñecemento que supoñen do labor docente desenvolto polo PDI e a compensación económica que implican para o mesmo. Relaciona, a continuación, as solicitudes presentadas, aprobándose por asentimento a emisión de informe favorable sobre a actividade docente desenvolvida polo profesorado que se relaciona:

Cabaleiro Núñez, Manuel
Conde Carnero, Borja
Díaz Fernández, José Antonio
Ledo Lemos, José
Presedo Garazo, Antonio
Reboreda Morillo, Susana

Vaquero Díaz, María Beatriz
Velasco Martínez, Luis

6. Aprobación, se procede, do Informe de coordinación do Mestrado en Valoración, Xestión e protección do patrimonio cultural correspondente ao curso 2020/21

A decana indica que este informe xa foi validado na Comisión de Calidade celebrada anteriormente, aprobándose por asentimento.

7. Aprobación, se procede, do Informe do PAT do Mestrado en Valoración, Xestión e protección do patrimonio cultural correspondente ao curso 2020/21.

A decana sinala que, ao igual que no caso anterior, o informe xa foi validado pola Comisión de Calidade. A continuación, fai referencia ao escrito dirixido á Xunta de Centro polo profesor Domingo Rodríguez Teijeiro no que alude, en esencia, a que non tivo coñecemento dunha serie de extremos que figuran no PAT ata que se enviou este documento aos membros da Xunta de Centro, o cal pon en evidencia a necesidade de establecer unha canle de comunicación máis fluída entre as persoas implicadas e a Comisión Académica do Mestrado (CAM), o coordinador do mesmo ou a persoa responsable do PAT. A profesora Dona María López intervén para reiterar o que xa expuxo na Comisión de Calidade e insistir en que cando se detectan posibles disfuncións é necesaria a comunicación entre os sectores implicados para garantir o cumprimento dos obxectivos que se perseguen co PAT.

Apróbase por asentimento.

8. Asuntos de Urxencia.

Non hai.

9. Rolda de intervencións.

O profesor Antonio Presedo Garazo intervén para poñer en coñecemento da Xunta que na mesa de negociación sindical o reitor aludiu a que aqueles centros que precisasen de máscaras de protección fronte á COVID podían solicitálas, e

que tendo en conta a situación coa que nos imos atopar ao inicio do segundo cuadrimestre parece oportuno solicitar un novo reparto ao igual que se fixo ao principio do curso. A decana manifesta que se cursará a solicitude e se pedirá que se faga extensiva ao alumnado.

A representante do alumnado, Dona Lucía Domínguez Carrera, intervén para transmitir á Xunta a petición formulada polo alumnado semipresencial de que se graven as clases para facilitar a aprendizaxe do mesmo. A decana responde que no seu momento xa se enviou un correo informativo respecto a esta cuestión, pero que é decisión do profesorado acceder ao solicitado. Porén, enviarase un novo correo reiterando a devandita petición.

A decana finaliza a súa intervención lembrando que se depositaron nas aulas axendas para o alumnado e, finalmente, procede á entrega aos presentes dun agasallo de Nadal, invitando ao profesorado que non asistiu a recollelo en Secretaría de decanato e desexando a todos os presentes unhas boas festas.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13,36 h do día 16 de decembro de 2021, da que eu como secretario dou fe co visto e prace da decana.

O decano

O secretario

Julio Prada Rodríguez

Domingo Rodríguez Teijeiro